

**ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DE ENTIDADES SOCIAS
DO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE**

REUNIÓN CELEBRADA NA CIDADE DA CULTURA (SANTIAGO DE COMPOSTELA)

15 de decembro de 2022

Hora de inicio: 10:05h

ASISTENTES:

Lorena Abad	Concello da Coruña
Fátima Rodríguez	Concello da Guarda
María del Rocío López	Concello da Laracha
Luísa Feijóo	Concello de Ames
Leonardo Pena	Concello de Ames
Inés Ramos	Concello de Arteixo
Orlando Saavedra	Concello do Barco de Valdeorras
Vanesa García	Concello de Boiro
Yolanda Bouzas	Concello de Brión
Concepción Pernas	Concello de Burela
Paula Grueiro	Concello de Cabanas
Lúa Sanguñedo	Concello de Cambre
Francisco Javier Gestal	Concello de Carral
Daniel Fernández	Concello de Cartelle
Jessica Méndez	Concello de Culleredo
M ^a José Paz	Concello de Fene
Silvia Agrafojo	Concello de Lousame
Olga López	Concello de Lugo
Yolanda Bello	Concello de Miño
Xosé Daniel Costas	Concello de Moaña
Gloria Prada	Concello de Monforte
Ana Varela	Concello de Mugaros
Juan A. González	Concello de Nigrán
Marga Figueroa	Concello de Oleiros
Luís Pérez	Concello de Outes
Rosa Fernández	Concello de Poio
Verónica Carrera	Concello de Pontearreas
Ángeles Castro	Concello de Pontedeume

Raquel Caruncho	Concello de Pontedeume
Elena López	Concello das Pontes
Olga García	Concello de Redondela e Deputación de Pontevedra
Adolfo Muíños	Concello de Rianxo
Ramón Fernández	Concello do Rosal
Ana M ^a Moreiras	Concello de San Cibrao das Viñas
Araceli Bellas	Concello de San Sadurniño
Soraya Salorio	Concello de Sada
Ángela Troitiño Gil	Concello de Silleda
Cristina Martínez	Concello de Tomiño
María Loureiro	Deputación de Lugo e Concello de Viveiro

Escusan asistencia: Concello de Barreiros, Concello de Bergondo, Concello de Covelo e Concello de Guitiriz.

Non asisten: Concello da Estrada, Concello da Pastoriza, Concello da Pobra de Trives, Concello das Neves, Concello de Abegondo, Concello de Alfoz, Concello de Allariz, Concello de Baños de Molgas, Concello de Barro, Concello de Betanzos, Concello de Bueu, Concello de Cabana de Bergantiños, Concello de Cambados, Concello de Caldas de Reis, Concello de Carballo, Concello de Cariño, Concello de Castrelo de Miño, Concello de Castroverde, Concello de Corcubión, Concello de Cuntis, Concello de Ferrol, Concello de Gondomar, Concello de Laxe, Concello de Malpica de Bergantiños, Concello de Manzaneda, Concello de Moeche, Concello de Monfero, Concello de Moraña, Concello de Muros, Concello de Narón, Concello de Noia, Concello de Oímbra, Concello de Ourense, Concello de Poio, Concello de Pontecesures, Concello de Pontevedra, Concello de Porto do Son, Concello de Ramirás, Concello de Riotorto, Concello de Rodeiro, Concello de Sandiás, Concello de Santiago de Compostela, Concello de Sarria, Concello de Soutomaior, Concello de Teo, Concello de Triacastela, Concello de Valga, Concello de Verea, Concello de Verín, Concello de Viana do Bolo, Concello de Vilagarcía de Arousa, Concello de Vilar de Santos, Concello de Vilardevós, Concello de Vilasantar, Concello de Xove, Concello do Irixo, Concello do Porriño, Concello do Valadouro e Deputación da Coruña.

Previamente ao inicio da reunión Juan González dá a benvinda. Aproveita para informar de que o II Encontro Estatal de Gobernos Locais e Cooperación Internacional ao Desenvolvemento terá lugar os días 7 e 8 de febreiro na cidade de Lugo. Asemade, recorda que aqueles concellos que o desexen están a tempo de investir os remanentes cos que puideran contar para contribuír cos proxectos do Fondo Galego.

Acto seguido faise un repaso polos diferentes puntos da orde do día.

1. Aprobación da acta anterior.

Luísa Feijóo indica que, tras o envío por correo electrónico da actas correspondente á Asemblea Xeral do 7 de abril de 2022 nos días seguintes á celebración de dita reunión, non se recibiu ningunha comunicación ao respecto. Así mesmo, volveuse enviar coa convocatoria da presente reunión, sen recibir achegas novamente. Tras sometelo a aprobación das persoas asistentes, dáse por aprobada por unanimidade.

2. Ratificación das altas e baixas.

Luísa Feijóo comenta que non hai novidades ao respecto da última Asemblea, polo que se mantén o número de entidades socias, que son 103.

Destacamos que non se produciron baixas voluntarias por parte de ningún concello ou deputación desde o ano 2019 (incluído), cuestión que resulta significativa.

3. Proposta de modificación de cargos da Comisión Executiva.

Toma a palabra Luísa Feijóo, en calidade de Secretaria, para informar de que hai unha circunstancia que nos leva a proceder a someter a aprobación a renovación de cargos da Comisión Executiva, que é o cambio da persoa representante do Concello de San Sadurniño.

Así as cousas, a representante do Concello de San Sadurniño, Ana Belén Breixo Gundín, deixa o seu cargo na Comisión Executiva e no seu lugar é nomeada Araceli Bellas Castro, Concelleira do mesmo termo municipal. Por tanto, trátase simplemente dun cambio na persoa que representa a este concello na Comisión Executiva pero que nos vemos na obriga de ratificar na Asemblea e remitir posteriormente ao Rexistro central de asociacións.

Por tanto, déixase constancia da persoa saínte da Comisión Executiva

- Ana Belén Breixo Gundín, Concelleira de San Sadurniño. Vicepresidenta da Comisión Executiva do Fondo Galego.

E da persoa entrante:

- Araceli Bellas Castro . Concelleira de San Sadurniño. Pasa a ocupar a Vicepresidencia da entidade.

Por tanto, a comisión executiva quedaría configurada do seguinte xeito:

CARGO	NOME	CONCELLO/DEP	PROVINCIA
Presidencia	Juan A. González Pérez	Nigrán	Pontevedra
Vicepresidencia	Araceli Bellas Castro	San Sadurniño	A Coruña
Tesourería	Daniel Fernández Carril	Cartelle	Ourense
Secretaría	Luísa Feijoó Montero	Ames	A Coruña
Vogalía	Norma María Caldas Búa	Moraña	Pontevedra
Vogalía	Manuel Cerdeira Lorenzo	O Irixo	Ourense
Vogalía	María Loureiro García	Deputación de Lugo	Lugo
Vogalía	Gumersindo Guinarte Cabada	Santiago de Compostela	A Coruña
Vogalía	Marga Figueroa Vázquez	Oleiros	A Coruña

A proposta queda aprobada por unanimidade.

4. Aprobación, se procede, das Directrices de Cooperación Internacional ao Desenvolvemento do Fondo Galego.

Toma a Palabra Juan González para presentamos o resultado dun traballo que se desenvolveu ao longo de toda esta anualidade, e que consistiu en analizar o traballo desenvolvido polo Fondo Galego en materia de cooperación internacional e tamén de investigar sobre os intereses do municipalismo neste sentido, así como estruturar o traballo nesta área de crucial importancia, para dar maior transparencia e redundar nunha maior eficacia e eficiencia sendo conscientes tamén dos recursos cos que contamos.

O documento aglutina, non só a misión e visión do Fondo Galego en materia de cooperación internacional, senón que se presenta como unha guía a seguir, un procedemento que debe garantirse para tamén primar a calidade e obxectividade no financiamento das propostas.

Juan González dá a palabra á técnica Andrea García, que fai un repaso polo documento destacando as principais cuestións.

Acto seguido ábrese unha quenda de preguntas ou dúbidas, e non habendo ningunha, procédese a aprobar o documento por unanimidade (en adxunto a esta acta).

5. Aprobación, se procede, das Bases para a convocatoria de proxectos de ONGD.

Juan González comenta que a convocatoria de proxectos para ONGD veñen a reforzar o traballo das ONGD galegas, un aspecto recoñecido nos estatutos do Fondo Galego. A convocatoria véñse realizando de xeito bianual, sendo a última convocatoria do ano 2020.

As bases da convocatoria foron consensuadas coa Coordinadora Galega de ONGD, da que recolleamos e incorporamos todas as alegacións presentadas, coa meta de impulsar unha convocatoria útil e accesible para as ONGD, que realmente veña a poñer en valor o traballo que realizan.

Toma a palabra Andrea García para facer un repaso do documento das bases da convocatoria.

Non habendo dúbidas nin comentarios ao respecto, o documento é aprobado por unanimidade. Axúntase o documento á presente acta.

6. Programa Especialistas en Cooperar: presentación das experiencias das participantes na edición 2022.

Por último, tomaron a palabra as persoas participantes no programa de cooperación técnica Especialistas en Cooperar, que durante o mes de outubro colaboraron cos parceiros do Fondo Galego en Mozambique. Néstor Romero, técnico de deportes de Lousame, explicou as tarefas desenvolvidas no municipio de Nhamayábue, como foron os cursos para adestradores e árbitros de fútbol, que repercutiron nunha mellor organización das competicións e na promoción do fair play, ademais de potenciar o deporte feminino. Para el, “foi unha experiencia única, xa que se trata dunha realidade moi diferente na que a falta de recursos obriga a activar a creatividade, e ademais cómpre ter en conta que o deporte permite fomentar unha sociedade saudable e previr os malos hábitos entre a xente nova”.

Marga Sampedro, traballadora da área de Igualdade do Concello de Boiro, e Ana Piñeiro, arquitecta municipal de Rianxo, expuxeron o traballo realizado canda a Asociación Nacional de Municipios Mozambicanos, onde impartiron formación con perspectiva de xénero. Ademais de visitar distintas vilas para asesorar sobre as materias nas que son expertas, supervisaron o proxecto de construción de catro vivendas resilientes ao cambio climático destinadas a persoas afectadas polos ciclóns, financiado pola Xunta de

Galicia e o Fondo Galego. Segundo Sampedro, “compartir as boas prácticas dos nosos concellos resultou moi útil e tamén identificamos necesidades para futuros proxectos”. “Animo a participar neste programa porque a experiencia aporta moito no persoal e no profesional”, engadiu Piñeiro.

Pola súa banda, a directora do CIM de Poio, Raquel Morales, contribuíu a implementar a política de igualdade da Fundación Encontro dinamizando palestras e obradoiros dirixidos tanto ao propio persoal da entidade como nas comunidades e centros educativos, arredor de temas como a educación non sexista ou a prevención da violencia de xénero. “Foi unha aprendizaxe de resiliencia, fortaleza e optimismo das mulleres, sentínome como unha máis, e profesionalmente resulta moi enriquecedor coñecer a súa realidade”, valorou, pechando deste xeito a Asemblea Xeral do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

7. Rogos e preguntas

Toma a palabra Olga López, Concelleira de Lugo, convidando a participar a todos os concellos no II Encontro Estatal de Gobernos Locais e Cooperación Internacional ao Desenvolvemento, que terá lugar os días 7 e 8 de febreiro en Lugo.

Continúa Carmen Novas solicitando o envío de fotografías das árbores que foron agasalladas ás persoas asistentes no acto do 25 aniversario do Fondo Galego.

Por último, Juan González pecha a Asemblea desexando un Bo Nadal a todas as persoas participantes.

Sen máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a reunión cando son as 11:41h.

Juan González
Presidente

Luísa Feijóo
Secretaria